



Concello de Xove

Xestor de Expedientes. Expediente núm.: 333/2020

Procedemento: CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.- AXUDAS DESTINADAS A APOIAR AOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS AO ABEIRO DO PLAN "RE-ACTIVA XOVE" PARA FACER FRONTE AOS EFECTOS ORIXINADOS POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA CON MOTIVO DO COVID-19

DOCUMENTO ASINADO POR: A AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS A APOIAR AOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS PARA FACER FRONTE AOS EFECTOS ORIXINADOS POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA CON MOTIVO DO COVID-19

Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 o Goberno de España declarou o Estado de Alarma en todo o territorio nacional mediante RD 463/2020, de 14 de marzo.

O impacto que está tendo esta situación de excepcionalidade obriga a que as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias adopten coa máxima celeridade aquelas medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nosa sociedade.

A rápida parálise da actividade que está afectado a sectores da nosa economía fai necesaria a adopción de medidas que atenúen os efectos da brusca redución de ingresos de suxeitos económicos co fin de que non se orixinen consecuencias económicas e sociais irreversibles para os habitantes do Concello e velar porque una vez finalizada a crise sanitaria se produza o antes posible una reactivación da economía local, evitando que o impacto económico e social se prolongue no tempo.

Por todo o antedito e consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS), Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove e, no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, fórmulanse as presentes bases:

BASE PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas a autónomos e microempresas para facer fronte aos efectos orixinados pola declaración do





Concello de Xove

estado de alarma con motivo do COVID-19.

As presentes subvencións están sometidas ao réxime de mínimos, regulado polo Regulamento UE 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013), que son aquelas concedidas polos Estados Membros da Unión Europea a empresas por un importe inferior a 200.000 euros ao longo dun periodo de tres anos, cuxos efectos sobre a competencia son limitados e polo tanto non existe obriga de comunicar á Comisión Europea con carácter previo a súa concesión.

BASE SEGUNDA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN E CRÉDITO ORZAMENTARIO

De acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, esta liña de axudas tramítase na modalidade de concorrencia non competitiva, de xeito que as solicitudes serán atendidas sen comparación con outras solicitudes ata o esgotamento do crédito dispoñible. No seu artigo 19.2 a antedita Lei establece que as bases reguladoras das convocatorias das axudas poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único orzamento ata o esgotamento do crédito orzamentario, coas garantía previstas no artigo 31.4 desta Lei, **que establece que no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.**

De conformidade co disposto no artigo 30.7 da LXS, a concesión destas subvencións non requirirá outra xustificación que a indicada na Base Quinta e adicionalmente a establecida na Base Décimoprimeira, sen prexuízo dos controis que se podan efectuar con posterioridade, que se extenderán á totalidade dos beneficiarios. A elección deste procedemento ven xustificado pois, pola propia natureza das axudas e a súa concesión ven determinada polo cumprimento por parte dos solicitantes dos requisitos establecidos nas propias Bases reguladoras.

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 100.000,00 € (partida 439.479 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

BASE TERCEIRA.- ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas físicas ou xurídicas, legalmente constituídas que sendo autónomo ou microempresa





Concello de Xove

definida a continuación, leven a cabo as actividades empresariais ou comerciais no ámbito territorial do Concello de Xove que motiven a concesión da presente axuda.

Aos efectos de definir a condición de microempresa estarase ao disposto no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014; enténdese como empresa toda entidade, con independencia da súa forma xurídica, que exerza una actividade económica, considerándose igualmente as comunidades de bens e as sociedades civís que, non obstante, deberán solicitar a axuda por autónomo que a constitúa aínda cando se lles esixirá a presentación do contrato privado ou documento de constitución no que se acredite a porcentaxe de participación na comunidade ou sociedade, tal e como se establece na Base Sexta.

En particular, defínese microempresa como aquela empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volumen de negocios anual ou cuxo balance xeral non supera os 2.000.000,00 euros. Exclúense aquelas que son vinculadas ou asociadas, aos efectos do disposto no artigo 3 do Anexo I anterior.

Non poderán obter a condición de beneficiarios:

- autónomos e empresas dos sectores da pesca, agricultura e gandería
- autónomos societarios (con independencia da natureza da sociedade); no seu caso, será a sociedade na que participen a que poda optar á presente axuda se cumpre cos requisitos esixidos.
- asociacións, clubs, fundacións e, en xeral entidades sen ánimo de lucre
- empresas ou autónomos vinculados ao Concello de Xove ben a través de una relación contractual ou como prestadores habituais e continuadas de servizos durante alomenos os últimos dous anos.

BASE CUARTA.- TIPOLOXÍA E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas satisfaranse atendendo aos seguintes importes:

Axudas Tipo I: autónomos e microempresas cuxa actividade se vise afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo.

Contía da axuda: 1.500,00 euros

Complemento en función do número de traballadores ou autónomos colaboradores a cargo do solicitante no momento da presentación da solicitude:

-600,00 euros por traballador para o caso de que se acredite que non se presentou un expediente temporal de regulación de emprego (ERTE) no momento de solicitar a subvención así como comprometerse a non solicitalo nos 3 meses inmediatamente seguintes á súa concesión

-Caso de ter solicitado ou/e concedido un ERTE no momento de solicitar a axuda, 600,00 euros por traballador non afectado polo





Concello de Xove

mesmo.

Aos efectos do cómputo do número de traballadores para esta liña teranse en conta as persoas traballadoras por conta allea con independencia da súa modalidade contractual en proporción á xornada laboral. Os contratos de traballo a tempo parcial computarán en proporción á xornada.

No caso de autónomos que compoñan una comunidade de bens ou sociedade civil, a axuda que podan percibir será prorrateada en función da súa porcentaxe de participación.

Axudas Tipo II: autónomos e microempresas cuxa actividade se vise afectada de xeito parcial por ter reducido a súa produción en alomenos un 40% respecto do promedio facturado no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando o solicitante non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o periodo de actividade.

Contía da axuda: 750,00 euros.

Complemento en función do número de traballadores ou autónomos colaboradores a cargo do solicitante no momento da presentación da solicitude:

-600,00 euros por traballador para o caso de que se acredite que non se presentou un expediente temporal de regulación de emprego no momento de solicitar a subvención así como comprometerse a non solicitalo nos 3 meses inmediatamente seguintes á súa concesión

-Caso de ter solicitado e concedido un ERTE no momento de solicitar a axuda, 600,00 euros por traballador non afectado polo mesmo.

Aos efectos do cómputo do número de traballadores para esta liña teranse en conta, no momento da solicitude, as persoas traballadoras por conta allea con independencia da súa modalidade contractual en proporción á xornada laboral. Os contratos de traballo a tempo parcial computarán en proporción á xornada.

No caso de autónomos que compoñan una comunidade de bens ou sociedade civil, a axuda que podan percibir será prorrateada en función da súa porcentaxe de participación.

BASE QUINTA.- REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIO

Os requisitos que deben cumprir os solicitantes destas axudas son os seguintes:

1.- Estivesen desenvolvendo unha actividade económica e de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou Mutualidade





Concello de Xove

correspondente ou no Réxime Xeral da Seguridade Social así como no IAE no momento de decretarse o estado de alarma, segundo o RD 463/2020, de 14 de marzo, así como que manteñan dita situación hasta alomenos 6 meses despois da resolución de concesión destas axudas, mantendo, no caso de ter ao seu cargo persoas traballadoras como mínimo un 50% da plantilla declarada no informe de vida laboral a data 14 de marzo de 2020 coa mesma porcentaxe de xornada que a que serviu de base para facer o cálculo da axuda.

2.- Que a actividade que desenvolvan fose afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo ou, de non cumprirse este requisito, vise reducida a súa facturación no trimestre natural de abril-xuño de 2020 en alomenos un 40% respecto do promedio facturado no semestre natural outubro 2019-marzo 2020. Cando o solicitante non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o periodo de actividade.

A tal efecto, insertarase declaración xurada a asinar polo solicitante no modelo normalizado de presentación da axuda xunto coa documentación requerida na Base Sexta.

No caso de establecementos que leven a cabo actividades correspondentes a varios epígrafes de IAE e que algún deles foi pechado en virtude do RD 463/2020, de 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo, pero que mantivo a actividade noutro/s, entenderase como establecemento afectado por un peche parcial polo que só poderá ser beneficiario da Axuda Tipo II.

3.- Que o local do desenvolvemento da actividade se atope no término municipal de Xove.

4.- Que, tendo domicilio fiscal no término municipal de Xove, non dispoña de local en ningún lugar distinto do Concello de Xove.

5.- Que a actividade afectada polo peche do establecemento decretado polo estado de alarma non se tivese visto compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volumen de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

6.- Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da L 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, en particular estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e co Concello de Xove así como coa Seguridade Social, requisito que debe cumprirse na data de presentación da solicitude así como na data de pago. Quedarán excluídos da posibilidade de obter axuda todos aqueles solicitantes que tivesen débedas con calquera destes organismos.

7.- Que teña xustificada calquera subvención que lle tivese sido





Concello de Xove

concedida con anterioridade polo Concello de Xove, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

8.- Quedan excluídas as persoas físicas ou xurídicas que:

- a) O 14 de marzo, no caso de persoas físicas fosen perceptoras da prestación por desemprego ou da correspondente á protección por peche de actividade, regulada nos artigos 327 e seguintes do RDL 8/2015, de 30 de outubro ou, no caso de persoas xurídicas, tivesen cesado na actividade.
- b) Que, sendo persoa física, se atope en situación de incapacidade laboral (baixa laboral) a data de 14 de marzo, ou ben, as persoas xurídicas, somentes con respecto daqueles traballadores que a data 14 de marzo se atopen en situación de incapacidade laboral (baixa laboral).

BASE SEXTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude enchendo o impreso normalizado, acompañando a seguinte documentación:

Para o caso de persoas físicas e igualmente no caso de autónomos que constitúen unha comunidade de bens ou sociedade civil.

-Copia do N.I.F. do autónomo ou NIE acompañado do pasaporte
-Certificado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

-Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua Profesional correspondente.

-Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores a data de 14 de marzo de 2020.

-Documentación acreditativa no seu caso, da solicitude de ERTE xunto coa documentación acreditativa dos traballadores para os que solicitou o ERTE así como da resolución de concesión do ERTE.

-Para os casos previstos no Apartado 2 da Base Quinta de redución de actividade ou produción, presentaranse o Modelo 303 de IVA correspondente ao cuarto trimestre de 2019 así como os correspondentes aos primeiro e segundo trimestre de 2020.

Se fose o caso de que a actividade realizada non estivese suxeita a IVE, deberán presentarse os Modelos 130 do IRPF correspondentes ao terceiro e cuarto trimestre de 2019 así como os correspondentes ao primeiro e segundo trimestre de 2020.

Para os casos de estimación obxectiva, deberán presentarse os Modelos 131 do terceiro e cuarto trimestre de 2019 e do primeiro e segundo trimestre de 2020.

-Certificación da titularidade da conta bancaria á que se pode





Concello de Xove

transferir o importe da axuda

-Declaración responsable inserta no propio modelo normalizado.

-Certificado non ter débedas coa AEAT, ATRIGA, o Concello de Xove (requisito este último que se verificará de oficio), nin coa Seguridade Social. No caso de que o solicitante tivese concedido un aprazamento ou fraccionamento no pago de débedas coa AEAT, a ATRIGA ou a Seguridade Social, deberase presentar a resolución de concesión do mesmo xunto co último certificado de carecer de débedas posterior á concesión de dito aprazamento.

-No caso de comunidades de bens e sociedades civís, as solicitudes deberán presentarse por cada un dos autónomos que as configuran, debendo aportar o contrato suscrito no que se deixe claro a actividade da comunidade ou sociedade, as aportacións de cada comunero, a participación en perdas e ganancias e o sistema de administración.

Para o caso de persoas xurídicas.

-C.I.F. e escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso no correspondente rexistro oficial

- N.I.F. do representante e poder bastante ao efecto para actuar no nome e representación da persoa de que se trate.

-Certificado de situación censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

-Resolución/certificación de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á persoa administradora

-Informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores a data de 14 de marzo de 2020.

-Documentación acreditativa no seu caso, da solicitude de ERTE xunto coa documentación acreditativa dos traballadores para os que se solicitou o ERTE así como da resolución de concesión do ERTE.

-Para os casos previstos no Apartado 2 da Base Quinta de redución de actividade ou produción, presentaranse o Modelo 303 de IVA correspondente ao cuarto trimestre de 2019 así como os correspondentes aos primeiro e segundo trimestre de 2020.

Se fose o caso de que a actividade realizada non estivese suxeita a IVE, deberán presentarse os Modelos 130 do IRPF correspondentes ao terceiro e cuarto trimestre de 2019 así como os correspondentes ao primeiro e segundo trimestre de 2020.

Para os casos de estimación obxectiva, deberán presentarse os Modelos 131 do terceiro e cuarto trimestre de 2019 e do primeiro e segundo trimestre de 2020.

-Certificación da titularidade da conta bancaria á que se pode transferir o importe da axuda

- Declaración responsable inserta no propio Anexo I.

-Certificado non ter débedas coa AEAT, ATRIGA, o Concello de Xove (requisito este último que se verificará de oficio), nin coa Seguridade Social. No caso de que o solicitante tivese concedido un aprazamento ou





Concello de Xove

fraccionamento no pago de débedas coa AEAT, a ATRIGA ou a Seguridade Social, deberase presentar a resolución de concesión do mesmo xunto co último certificado de carecer de débedas posterior á concesión de dito aprazamento.

2.- As solicitudes deberán presentarse unicamente a través da Sede Electrónica do Concello de Xove para o que se deberá dispor de un certificado de sinatura dixital individual (ou DNI electrónico) para o caso de autónomos ou certificado de representante para o caso de persoas xurídicas. Ante a falta de certificado dixital poderá presentar a solicitude un terceiro debidamente acreditado para tal fin.

No caso de adoeecer de defectos subsanables, requirirase, no seu caso, ao interesado para que proceda á subsanación de erros ou para a aportación da documentación necesaria nun prazo de 10 días hábiles, apercibíndolle que en caso contrario entenderáselle por desistido da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

3.- O prazo de presentación das solicitudes será de 60 días naturais e iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SÉTIMA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- A instrucción do procedemento corresponderá ao Departamento de Emprego, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

2.- A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local redactará Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada particularmente no caso de que a proposta sexa desfavorable.

3.- A resolución notificarase aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.

BASE OCTAVA.- PAGAMENTO DA AXUDA

O pago da axuda realizarase de xeito único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, sen que resulte necesaria a constitución de ningún tipo de garantía.





Concello de Xove

O libramento das axudas poderá realizarse a medida que se presenten e resolvan as solicitudes, sen ter que esperar á finalización do prazo concedido para a presentación no punto 3 da Base Sexta.

No caso de incumprimento das obrigas impostas ao beneficiario, o instrutor do procedemento propondrá o inicio de expediente de reintegro.

BASE NOVENA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención así como a falsidade ou ocultamento de calquera dos datos declarados polos solicitantes poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

BASE DÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

En xeral, os perceptores das xudas teñen as obrigas previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como as establecidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e Xove e, en particular:

-Manter a actividade ata alomenos 6 meses despois da resolución de concesión destas axudas, mantendo, no caso de ter ao seu cargo persoas traballadoras como mínimo un 50% da plantilla declarada no informe de vida laboral a data 14 de marzo de 2020.

-Aplicar as prestacións económicas á finalidade para a que se outorgaron

-Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas

-Comparecer ante o Concello e colaborar co mesmo cando sexa requerido para iso con motivo da xestión das axudas así como das actuacións e comprobación ou do exercicio do control financeiro pola Interventora Municipal, que ten por obxecto verificar a correcta obtención dos fondos, o cumprimento das obrigas na aplicacións dos mesmos así como a correcta xustificación da subvención.

-En aplicación do previsto no artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, as entidades privadas que perciban durante o periodo de un ano axudas ou subvencións en contía superior a 100.000,00 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que acaden como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros, aplicar as disposicións do Capítulo II do Título I da Lei, relativas á publicidade activa das subvencións.

BASE DÉCIMOPRIMEIRA.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

O control das obrigas esixidas na Base anterior efectuarase de oficio polo Departamento de Empego e Desenvolvemento Local.

A persoa beneficiaria deberá presentar no mes sétimo a contar a





Concello de Xove

partir do día seguinte da notificación da axuda:

- Certificado actualizado de situación censal
- Resolución/certificación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente á persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación

- Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social que abarque os 6 meses posteriores á concesión da axuda.

- Declaración das axudas de mínimos que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación do organismo concedente, importe, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara ou, no seu caso, declaración de non percibir ningunha.

- No caso de que no momento da solicitude da axuda desfrutase dun aprazamento ou fraccionamento de débedas da AEAT, ATRIGA ou Seguridade Social, deberase presentar certificado acreditativo de non existencia das mesmas.

BASE DÉCIMOSEGUNDA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerese polo disposto na normativa reguladora indicada ao inicio das presentes Bases.

Xunto ás causas de invalidez previstas no artigo 36 da Lei Xeral de Subvencións, procederá o reintegro da axuda, ademais de polas causas previstas no artigo 37 da antedita Lei:

- Cando o beneficiario incumpra o deber de manter a actividade durante o prazo dos 6 meses esixidos nas presentes Bases

- Cando o beneficiario incumpra o deber de manter ao seu cargo a como mínimo o 50% da plantilla declarada no informe de vida laboral a data 1 de marzo de 2020.

Sen prexuízo de inicio de procedemento de reintegro, no caso de incumprimento das obrigas previstas nas presentes Bases, o beneficiario poderá comunicar ao órgano xestor mediante Sede Electrónica este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida.

BASE DÉCIMOTERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

BASE DÉCIMOCUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación dunha solicitude de axuda supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas





Concello de Xove

contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

